

A ROSA GALEGA

BOS AIRES, MARZAL DE 1956

Año XXXVII — Núm. 499

A FOLGA DE ESTUDANTES

SOLUCION 'ALA ESPAÑOLA'

Os Hespañois e Nós

Non ven os estudantes madrileños abriron unha rinxida na choureira de ferro en que o falanxismo hespañol apreixoa ós povos peninsulares, xurdeu de sócoto no ambiente da nosa colectividade a tan mentada pausiquiña da unidade de loita de todosos hespañois pra derrubar ó réxime que asoballa a Hespaña. E, naturalmente cando non? apareceron os apoloxistas da unidade hespañola ceibando ós catro ventos as súas "verdades", que as veñen recoñecendo dende o ano 36.

Pra os apoloxistas da unidade hespañola na loita antifranquista, o único obstáculo, ó parecer, son un fago de pequeneces, de futesas, como eles lle chaman, que os galegos temos de superar.

Craro está que compre acrtar en que consisten esas "futesas que son motivo ó arredamento na acción política de galegos e hespañois.

Non é un segredo pra ningún o saber que das colectividades españolas é a galega a de maior gravitación na loita empeñada contra o réxime franquista, e ó en razón do seu volume, da súa madurez política e espírito de loita que apula as súas organizacións.

O espírito fondamente democrático e republicán que moveu as nosas gentes a porse decididamente a carón dos homes da República, mantense vivo e baril ó traveso do tempo, sen craudicacións nen entregas vergoñentas que maquen a nosa dignidade democrática e galega, porque temos fé no destino da nosa Patria ó traveso da súa liberdade nacional.

Fronte a este feito incontrovertible que poden deciren os hespañois no seu favor? Ula a posición democrática e republicán das súas institucións? Lamentabelmente foron caído unha a unha en ringleira nas galopas da Falanxe e, foron caído, precisamente por falla de espírito republicán e democrático dos seus dirixentes.

E' por elo que diante do fracaso da colectividade hespañola na loita contra o franquismo un determinado sector hispano teima pousarse na forza espresada da nosa colectividade pra criarea dese xeito, a costa dos galegos, naturalmente, un movemento antifranquista hespañol sen hespañois, o que non deixa de sere pavero...

Se sortimos da base de que o Galeguismo é un Movemento patriótico de recuperación da personalidade nacional de Galiza, de limpa e enxebre esencia democrática e republicán na Terra e na emigración, e no tal toñen cabida todosos galegos "bos e xenerosos" non importa de que ideoloxía política, dentro dos límites democráticos e republicáns; teñen conciencia plea do seu rol histórico no devir dos aconteceres da Patria Galega e, en consecuencia, sabe moi ben que, a liberdade de Galiza e do seu povo virá polos galegos mesmos, que non han sere os alleos que nos resovan os nosos problemas. I é así que non pode entrar en ningún movemento d'Unidade Hespañola onde a personalidade galega fique diluída ou anulada diante dunhas comenenzas políticas alleas que non beneficiarian e que findaría por desvirtuar o noso movemento.

Nembargantes, compre deixar sentado que o Galeguismo estivo, e está decote, con todas aquelas institucións ou persoas hespañolas democráticas e republicáns animadas dun espírito de loita contra a feroz ditadura que aferrola a Galiza e Hespaña, mais pra elo, conservando de gozo a mais ausoluta liberdade de acción.

Esta nosa posición crara e firme enxérguea e compartea doadamente a colectividade galega de Bós Aires trazionalmente galeguista e republicán, manifestada baril e amplamente na súa adhesión á República e aproi da Autonomía de Galiza; nos dramáticos aconteceres da guerra civil hespañola coa súa xenerosa e total mobilización na axuda moral e material á Hespaña leal; e na attitude baril de repudio ó réxime feixista que aferrola ós povos galego, vasco, hespañol e catalán dende fai dazaíto anos.

Hespaña i-o Marrocos

Tras breves negociacións entre o sultán Ben Yusef i-o goberno de París, o Marrocos francés acaba de conquistar unha ampla autonomía. Tan ampla que lle permitirá administrar a súa economía, dispor das súas relacións exteriores i-organizar o seu exército como un Estado soberano. Este conqumiento, sitúa ao povo marroquí a un paso da independencia total, a cal non tardará en outer.

Io Marrocos hespañol? Pouco antes da concreción do acordo de París, o Caudillo coa súa "infalible" visión política, declarou advertindo a Franca, que o povo marroquí non estaba aínda preparado para recibir a súa independencia. Lera mester ir amodiño na concesión de atribucións políticas. A subestimación das facultades de goberno dos marroquí, non era máis que unha argucia para non concederlles a liberdade. Nós sempre pensamos que un povo cando se re-

bela contra o Estado opresor, é porque se sente capaz de gobernarse. A rápida decisión de Franca deu por terra á "sesuda" posición do Caudillo, i-a estas horas, Hespaña, negocia un acordo similar co califa, frente a rebeldía ameazante, xa apuntada, de todosos marroquí.

En realidade Franco teme polo porvir de Hespaña —dende logo, da súa Hespañ — no Marrocos. E nezo non anda descamiado. Lembremos unha declaración feita anteriormente por ele. Nun tón paternal, i-apaientemente "ocupado polo destino do povo marroquí, dixo: "Sería compoñete erróneo instituir no Marrocos a malhadada loita interna dos partidos políticos no modelo europeo. Si un quér destruír a ese povo, non creo que poida maxinarse unha eficacia maior. Coas tradicións destruídas, a súa fe corroida (!) e coa división i-ararquía desentrenada, (Vai a páx. 3a.)

Despois de vinte anos de sangulenta opresión, o falanxismo acaba de amostrarnos nidamente a súa fundamental esencia negativa, que fixo quedar a Hespaña a trasmán do mundo, illada co seu fanatismo crásico en concepcións filosóficas, políticas, sociais i-económicas xa desbotadas por todosos povos civilizados.

Afogadas en sangue as folgas de Cataluña e Vasconia, sin preocuparse de achar remedio ós motivos que as orixinaron, son agora as xuventudes universitarias as que acaban de pór novamente de manifesto a función negativa do falanxismo no desenvolvo da vida hespañola.

Cando as devanditas folgas o falanxismo apresourouse a aventar os espantillos do marxismo, masonismo e demais ismos, para botarlles a culpa desas variles protestas con que unha crase traballadora abrouxada de dor e miseria reaxía contra a espoliación dun réxime que soio sabe de odios e rouquins. Mais agora, aínda que volven a remexer a tonadilla dos consabidos ismos, a verdade incontrovertible é que a protesta contra o falanxismo xurdeu precisamente da xuventude universitaria, que tradicionalmente representa en Hespaña as clases adifieldas; e ademais unha xuventude nada e formada nesa xeira falanxista que na súa mentalidade fechada empeñouse en facer dela estudantes de invernoceiro, imprenados de teorías falanxistas e sin ningún contacto co pensamento universal, e que a pesares de todo acaba de amosrar

a súa disconformidade cos "amos" do pensamento na Hespaña franquista e o seu anxeio de reconstruír o camiño froitifero do conato co mundo e co pensamento das súas figuras mais representativas.

A protesta estudantil non é un feito illado i-esporádico xurdiño por mor dun fagor casual, senón que é a culminación dun proceso de descontento coas normas falanxistas, que ven insinuándose dende fai tempo e ten adquirido caracteres de significativa importancia, que pode sintetizarse como espresión colectiva dun desexo de recuperación das liberdades conculcadas polo falanxismo e que pode simbolizarse no título do mentado artigo de Marañón: "Eu son liberal".

Xa en ocasión da morte de Ortega e Gasset — que o falanxismo quixo aproveitar clinicamente para propaganda — se puxo en evidencia a disconformidade da xuventude universitaria. Os estudantes, que non se sumaron os altos oficiais, os poucos días acudiron en centos o cimiterio a render un sinxelo homaxe o ilustre pensador, no que o prestixioso escritor Xulián Marías espuxo o pensamento desa xuventude universitaria, orfa de verdadeiros mestres e anxeosa de retomar o camiño do pensamento liberal que anima toda a súa obra filosófica.

Todo eso foi visto craramente polo reitor da Universidade Central, Lalin Entralgo, de recoñecida obsecuencia franquista, que fixo un chamado de alerta no desexo de evitar un "desviacionismo do pensa-

mento falanxista". E' de tal trascendencia e significación ese informe que consideramos como este mostran a importancia da situación planteada e a certeza dos nosos xuízos cando denunciamos a crueldade e nefasta acción do falanxismo.

Dixo Lalin Entralgo no seu informe que "como ocorreu en Europa perante os derradeiros douscentos anos, a mocidade estudantil refreza o estado de opinión pública, e sexa latente na sociedade a que pertence ou espresade previamente", para concluir que a conduta insatisfactoria das autoridades hespañolas creou unha intranquilidade estudantil que ven orientando a mocidade "hacia sistemas políticos que ofrecen xusticia social e verdadeira participación na vida pública e na ampliación do horizonte profesional, que hoxe está tan limitada para a maioría dos mozos hespañoles".

Máis nidio e preciso é aínda e informe cando manifesta os seus ideos: "o fermento político obedece, por erriba de todo, a un forte escepticismo sobre o futuro de Hespaña i-a falta de decisión manifestada polo goberno na solución dos problemas que afectan a vida hespañola, especialmente no terreo social e administrativo".

Todo esto, que coincide coas críticas que perante anos vimos facendo o falanxismo, resulta outamente significativo posto en boca dun franquista tan recoñecido como Lalin Entralgo. E aínda máis significativo resulta a comprobación contundente da veracidade de tales conclusións cos aconteceres producidos na Universidade Central, cando os estudantes de Dereito derrotaron o falanxista na votación para elixir o representante do sindicato o máis tarde fixeron fronte as súas provocacións para anular as eleccións e inopor polo terror o seu candidato, coas alternativas xa coñecidas por todos.

Diante a gravidade e transcendencia desa protesta estudantil autotómica dos sentimentos que animan a todosos povos da península, os falanxistas reaxeron como soio é capaz o espírito cerril de Cas cia. En vez de buscar a raíz dos males para tratar de remedialos, eles pilián os que descubren esos males e céibanos pola borda. Así, destituiron os reitores das universidades de Madrid e Salamanca, que souperon ver o grave problema que vive o país; destituiron o Ministro de Educación por "blando", e até destituiron o Ministro da Falanxe, por non haber sabido controlar doadamente os estudantes e facerlles aceptar manseliños os delegados sindicais nomeados a dedo que hoxe controlan todosos sindicatos verticais hespañoles. No seu lugar puxeron a ese tal Arrese, de mentalidade tan fechada e cerril que tiveron de retiralo no 1945, cando a derrota mundial do feixismo, por oporse os cambios que se consideraban indispensables para distrazar un pouco o descarado totalitarismo do réxime.

En fin, como non podía ser menos, falanxe sigue fidel o máis puros principios da mentalidade caslán e sigue resolvendo os problemas "a la española". Hoxe, como na idade media e como sempre, o seu norte e guía sigue sendo "sostenello e no emendallo", bárbaro esforismo que nun mañan lumioso teremos de borrar pra sempre os demáis povos peninsulares, suprimindo esa hexemonía dunha minoría incapaz de seguir o compás do tempo e da evolución da humani-

CASTELAO

Galiza ó traveso de todas as épocas da súa historia sempre se destacou pola ringleira de homes ilustres que, nos máis diversos aspectos da actividade humana acadaron sona e renome imperecedeiros: Paulo Orosio, Prisciliano, San Dámaso, Teodosio, Xelmírez, o Conde de Trava, o Conde de Lemos, os Andrade e moitos máis que poríamos nomear, son proba concruente dele.

Na época moderna aínda se acentuou máis esta particularidade criadora do noso país onde xurden decote figuras que gravitan de xeito decisivo na vida política, literaria, artística e en xeral da Península.

Nembargantes, e apesares deste feito, a triste realidade pra o noso país é que ren lle serve este constante xermolar de homes esgrevios xa que na cáxeque súa totalidade esquecéronse que eran nados nunha Patria submetida a un poder alleo, asoballador.

Esquecéronse que o redor deles, moraba un grande povo, orfo de toda orientadora guía a prel da súa redención.

Esquecéronse da súa fala perseguida e proscrita dos meios e círculos de cultura. Esquecéronse en fin, que Galiza ten unha Historia, unha cultura e unha tradición tan honrosa, tan esgrevia e, polo mesmo, tan suscetible de perfección como a que máis.

Pero non todas son certamente, dende o aspecto patriótico, figuras negativas pra o noso país. No século pasado, xurdiron os Precursores que se deron a nobre tarefa de empular todosos nosos atributos nacionais acadando pra sí e a Patria, merecente gloria.

Continuando a traxectoria deste esforzado fago de paladins dos dereitos do noso povo, xurdeu vigorosa e señeira a figura de Castelao, que parés predestinada por misterioso poder telúrico a esteriorizar e sentir, o pensar, e o vivir da Galiza eterna. Eis a superioridade de Castelao, figura cume da nosa Historia, quen fixo arte ó servizo do seu povo; fixo literatura pra educar ó seu povo; fixo política pra redimilo e libralo da explotación allea.

Castelao naceu, viveu e morreu fidel o seu destino; que e tamén o destino do povo galego: labrego, marneiro emigrante...

A figura de Castelao medrará até se trocar en símbolo da nosa nacionalidade. Ele será o luceiro que ha guiar o devir do noso povo polos camiños da súa gloria futura. Niste novo cabodano do seu pasamento rendemoslle ó noso queiro o homenaxe emocionado do noso sentir de galegos fideles á nosa Patria de ourixen a única Patria dos galegos, Galiza.



O MILLOR CHISTE DO ANO... Na xuntanza de prensa ós correos pensais estranxeiros oferescida por Franco, ó referirse a Unión Soviética dixo moi pimpante: "Na miña opinión persoal, coído que Rusia trocou como consecuencia da morte de Stalin e a eliminación de Beria. E' por elo, que xurdeu un troque fundamental no sistema ó intervir o exército no goberno de Rusia. Porque —engadiu moi rufo o Caudillísimo— es militares somos moi parecidos en todo o mundo naquelo de que nos gusta a liberdade... (?)

NUNHA PRESTIXOSA revista galega desta capital co gallo de se estar a cumprir o centenario do grande músico Chané, aparés unha nota que, de tomar ó pé da letra o que o autor escribe, teríamolle de decir algunhas cousas que posibelmente ifora ou non quixo reparar nelas.

Enceta a devandita nota nos termos seguintes: "Este ano de 1956 si los gallegos supiéramos honrar dignamente a nuestros valores, sería el año de las gozosas conmemoraciones..."

Evidentemente, o manifesto mal xenio do autor da nota, levouno a unha precipitación innecesaria e inxusta. Porque outro galo lle cantaría en vez de escribir "Este ano de 1956 si los gallegos supiéramos honrar dignamente" etc., puxera: Neste ano de 1956 os galegos teremos ocasión de conmemorar etc., non mancaría a susceptibilidade dos emigrados. E pense o que lle pete o autor da nota, coidamos que é un tanto aventurado por en tela de xuízo a emoción patriótica e os seus deberes coa Terra dos emigrados galegos de Bós Aires, o que nos leva a pensar, que este señor chegou de turista as Indias Occidentais españolas e, como está, non pescudou a Galiza Emigrada, a Galiza Ideal de Castelao...

MAIS ADIANTE, na nota en cuestión, eicrama o autor todo ele posuído de santa indignación: "Digamos finalmente que cuando la pérdida de Cuba por la intervención cobarde de los Estados Unidos..."

"Tate tate! ¿De veras Don Fulano que vostede doise da perda de Cuba? Non nos colle de sorpresa, non. I elo, non fai máis que confirmar certas coincidencias cos hespanitas que sinten saudade dos pendóns imperiais con águas bicéfalas portadas con man de ferro por Doña Isabel..."

¡AH! E APROPOSITO de Coronel Ortiz... Que quen é este persoaxe? Pois Coronel Ortiz, asíu gordecho, con esa faciana de papabreyas en que aparés na litografía da época, é un dos corenta e tantos mil galegos que non ben destetados liscaron da Terra pra non lembrárense máis de lá, salvo, craro está, no caso especial dunha sita de diputado.

E que fixo a prol de Galiza o Coronel de marras pra merecer os honores da nota e sero considerado como un ilustre ourensán? Nada. ¡Se polo menos houbera inventado o lápis a bolilla!...

Coronel Ortiz nasceu o 26 de Outubro de 1853 en Santa María de Guntín (Ourens), e sendo inda un rillote foi levado polos pais a vila de corte.

Alí estudou recibíndose de bachiller en filosofía, de dereito civil e canónico, e non sabemos cantas cousas máis. Polo que se olla, todo un mozo estudoso. Foi liberal do grupo que capitaneaba Castelar; escriben artigos políticos nos xornais e, como tantos galegos residentes nos Murdres, chegado o intre, lembrouse de Galiza pra facérese nomear diputado "a la española" por Mondoñedo.

Polo que se olla, "ná de ná"... Quer decir: "Ná de ná", máis amodiño. Porque, quen nos dis que o autor da nota non "desenterrou" a este gordecho e pacífico persoaxe por pura cábala?...

LOURENZO FRAGOSO.

SANT-IAGO G. NOLLA

No p... do mes de xaneiro, faleceu nesta capital após dunha alongada e doxosa doenza, o afervoado e rexo patriota galego Sant-Iago G. Nolla.

Nado no Ferrol a principios de século, emigrou a este país radicándose na capital. E inda non cumprira os dezaoito anos cando o seu inqúedo e xurdo patriotismo levouno a porse en contacto cos homes que naquela hora interpretaban os ideais dunha Patria Galega ceibe e soberán.

E' asíu, que Sant-Iago G. Nolla foi un dos fundadores da histórica "Sociedade Nacionalista Galega Pondal" que, con Vicente Barros, Zapata García, Liño Pérez, Lamas Barreiro, Moisés... Presa, Manoel Oliveira, Ramo Illa Souto, Paco Sánchez, Clemente López Pasarón, Manoel... Mares, Camilo Cantón, Ur...

bán Hermida, Xosé Barril, Daniel Nogueira, Ricardo Flores, Lois Ares, Manoel Sal' res, Eladio Lousada, Antón Castro, Ramón Alonso, Bernardo Souto, Antón Seixo e Xosé Domínguez aleivosamente fusilado en Tul polo falanxismo hespañol, e outros, foron os precursores en América do nacionalismo galego.

Porque inda que de vello hoube en Bós Aires i en outras cidades americanas homes i entidades que encetaron un ronxel de galeguidade, foron os homes da "S.N.G. PONDAL" quenes, cun craro senso da realidade nacional do noso país encetaron barilmente o primeiro movemento político enxebremente galego; que levaron a rúa e dende a valente tribuna de "A FOUCE" os antecedenentes nacionais de Galiza e as arelas de liberdade pra o seu povo. Os comezos foron duros pola in-

GALIZÀ PRA OS GALEGOS

por BIEITO CUPEIRO

doadamente enxerguemos a orixe dos nosos problemas, máis nos convencemos de que a Galiza lle non queda outra perspetiva de solución dos mesmos, que na separación total do Estado Hespañol. A nosa Terra é unha perfeita nación con todas las modalidades, necesidades e problemas que de tal feito remanecen. I esta realidade, que recoñecen todos cantos posuen unha elemental capa-

cidade política, faise mester complementala facendo uso dun dereito indiscutibel: o de crear e dispoñer dos seus propios instrumentos de goberno, e decir, orgaizar o propio Estado. "Galiza é a única patria dos galegos", e a ista indiscutibel realidade temos de axustar a nosa conduta el queremos concretar en feitos as áreas de progreso e redención dos nosos cidós. Pretender buscar solución por roteiros tripados en 473 anos de fracasos, perpetuando o desbaraxuste leccionario e cavernícola; só nos levará a novos desastres, fracasos e desilusións.

DIXO CASTELAO

Os galegos non discutimos o dereito de Galiza a ser unha nacionalidade, porque Galiza xa é unha nacionalidade. Discutimos o dereito que, como tal se lle debe, i exercemos un deber cando reclamamos ese dereito. Galiza, pois, pode enfrentarse co Estado hespañol, en demanda dos dereitos que Castela lle usurpou e

usurpa, porque os necesita para poder producir todolos atributos da propia nacionalidade e crear a civilización que a súa cultura determina. Se os dereitos das nacionalidades están hoxe recoñecidos pol-a concencia internacional é porque tamén se lle acordan deberes indeclinables a prol da civilización. Elqui é doado que un castelán nos pergunte se Galiza non ten deberes que cumprir con Hespania, e nós responderiamos que si, pero só cando o Estado hespañol respecte a personalidade e os dereitos naturais da nación galega. Porque se Galiza ten deberes que cumprir con Hespania tamén ten deberes que cumprir coa Humanidade, e os galegos somos universalistas primeiro que todo. Galiza ten o deber de contribuir á civilización universal e as súas obrigas escoden do marco do Estado a que pertence. E somentes preservando as nosas enerxias autóctonas, a nosa capacidade creadora, é como poderemos contribuir á civilización universal, incorporando a ela as nosas creacións inéditas. Esto imponnos a obriga de sermos cada vez máis galegos. O "enxebreismo" ten este outo senso de humanidade, que non saben ver eses homes mediocres do "rexionalismo ben entendido" e paracistas, os do "primeiro hespañol e despóis galegos". O noso deber nacional obríganos a conservar e a desenvolver a tradición galega na fala, na arte, no pensamento, no dereito, no traballo, e a botar abaixo todolos impedimentos que se opoñan a elo, sexan os que foran.

A. B. C. de Corcubión elixiu novas autoridades

O 25 de xaneiro prósimo pasado, A. B. C. de Corcubión en Xuntanza Xeral escolleu novos persoeiros que han rexiren os destinos desta prestixiosa e progresista entidades galega perante o periodo que se enceta, recaído os nomeamentos nas seguintes persoas:

Presidente, Don Serafin Aguiar; Vice Presidente, Don Perfecto López; Segredario Xeral, Don Ricardo Montero Trillo; Pro Segredario Xeral, Don Xosé Canosa Canosa; Tesoureiro, Don Manoel Canosa Puentes; Pro Tesoureiro, Don Xulián Ibarra; Contador, Don Xosé Lema Novo; Sub-Contador, Don Emiliano Santamaría; Bibliotecario, Don Francisco Fernández Villar; Vocais Don Manoel Lema Leis, Don Delfino Sánchez, Don Manoel Baço, Don Manoel García Varela, Don Francisco Soto, Don Xaime Arán González, Don Manoel Pereira Santos.

Comisión Revisora de Contas: D. Manoel Piñeiro Caamaño, D. Xesús Villar Canosa, D. Francisco Piñeiro Caamaño, D. Maximiliano Suárez, D. Xosé Rivadulla.

D. PEDRO CAMPOS COUCEIRO

O dez do derradeiro mes de xaneiro cumprense o segundo aniversario do falecemento de Don Pedro Campos Couceiro, prestixioso membro da colectividade galega de Bós Aires.

Don Pedro, que foi unha das figuras máis queridas e respeitadas da colectividade non somentes pola alongada e meritoria actuación que no seo das diversas entidades foi desenrolando senón que, de xeito fundamental a súa rexa figura de patriota galego interpretando con eraridade e barileza as labores a prol da liberdade de Galiza, perfílose inda no xornalismo, na tribuna i en todas aquelas actividades sociarias en que lle tocou atuar onde a súa figura de patriarca galego era querida e respetada.

A IRMANDADE GALEGA, neste segundo aniversario da súa morte, ó lembrar con agarimo ó patriota e amigo desaparecido, réndelle un afervoado homaxe a súa memoria.

A Agrupación "Galicia" escolleu novas autoridades

O 16 de nadal p.pdc., en Asambrea xeral a Agrupación GALICIA escolleu novas autoridades ficando constituídas de seguinte maneira:

Presidente, Don Xavier Vazquez Iglesias; Vice Presidente, Don Victoriano Ares Barcala; Segredario, Don Abelardo Estevez; Pro Segredario, Don Manoel Vaamonde; Segredario d'Aitas, Don Ramiro Abades; Tesoureiro, Don Aniceto Obarrio; Pro Tesoureiro, Don Xosé Ponte.

Vocais Tidoares: Don Pedro del Rio, Don Xesus Gato Lopez, Don Adolfo Calveiro, Don Anxel Romero Lojo.

Vocais Suplentes: Don Amador Sampedro, Don Anton Barros, Don Xesús Fernández, Don Eliseo González, Don Antón Fernández Alén.

Revisores de Contas: Don Manoel Caamaño, Xosé R. Amor, Don Pedro A. Jurado.

Desexámoslle as novas autoridades grandes e significativos éxitos acarándo do noso Centro Galego de Galiza.

Irmandiños: O Vernes 20 D'Avril as 21,30 hs. a Irmandade Galega Realizará Asambrea Xeral co Gallo D'Escoller Novas Autoridades ¡NON FALLE!

O Falanxismo Esprota Outro Morto Ilustre

O falanxismo co seu réxime de barbarie e salvaxismo, negación das máis elementais condicións humanas, síntese orfo de apoio de figuras de relieve, pois tan soamente os reblandecidos ou corifeos a soldo do mellor póster son capaces de vivir sin refugar o réxime tan inhumán e negativo. Por eso, de volta da euforía sarracena dos primeiros intrínsecos, que simbolizou Millán Astray e o seu herxo de "morra a intelixencia", coscoteo do seu desprestixio universal, o falanxismo procura erguer como peidón calquer feito ou circunstancia que poida favorecerlo e en seu único proceder non se detén en utilizar o cadavre de xentes honestas que en vida manifestaron abertura e constantemente o seu repudio ao oprobioso réxime de falanxe.

Primeiro foi Manuel de Falla, que nestas terras mantivo até a morte o seu repudio ao falanxismo, e cuido cadavre vimos disputar despois ás autoridades falanxistas no afán noxento de utilizalo como bandeira dunha causa que ele refugara. Agora acabamos de ver de novo ese macabro espeitago, esprotado vergosamente o cadavre de Ortega y Gasset. Home de espírito liberal, Ortega y Gasset estivo sempre en discrepancia con todo partido ou bandeirista, pero que todos respetamos a sua capacidade e valia; todos menos o falanxismo, que pretendu honralo xa que non o podían contar entre os seus.

A incompatibilidade moral de Ortega y Gasset co falanxismo manifestouse firme e rexa no seu ensino voluntario de coase vinte anos crebado solo cando sinteu o chamado da morte e quixo ir morrer na súa casa. Entón o falanxismo apoderouse do seu cadavre e fixo do seu enterro unha manifestación política cos máis outos xerifales falanxistas á cabeza. Todas foron honras oficiais ao home morto, que xa non podía refugalos, nun afán honbre de confundir ao mundo.

Pero a verdade chegou poucos días despois, cando máis de mil estudantes universitarios renderon a súa honra á esgrevia figura e ao seu pensamento, levando unha coroa de loureiro ao seu sargeo e escoltando a lectura de anacos da súa obra. Nese acto falou tamén Xulián

Marias, un dos seus máis preclares discípulos, de significado pensamento católico e dereitista, pero, home correcto e honrado que leva vivida unha saudábel tempada fora de España, que nas suas verbas asinou o valeiro deixado por Ortega y Gasset o ter de deixar a súa cátedra de metafísica e manifestou que ese era el verdadeiro "homenaxe da xuventude universitaria, dos universitarios sin universidade que somos, dos que tivemos que adprender moitas cousas fora das aulas, nos libros que non son os de texto, en idiomas que

non son o castelán... Entre Ortega y Gasset e nosoutros hai un espacio valeiro e mal ocupado... Ningún nos di que é estudar como debemos estudar, para que estudemos. Ningún nos di para que vale a universidade, se estamos seguros de que xa vale para moi poucos e que é mester cambiála moito. Pero ningún nos di cómo, ningún defende que somos nosoutros a base da universidade.

O noso testemuño de admiración a esa xuventude que supo rendir tan variil e xusta honra de desagradio á preclara figura desaparecida,

Libros Nossos

"OS EIDOS"

De Novoneira

O poeta Novoneira é un dos valores positivos das derradeiras creacións literarias de Galiza. Nasceu en 1930 na bisbarra do Caurel —inesquecible xeografía após dúas páxinas antolóxicas de Anxel Folé— onde mantén fondas as suas raíces. Deixa agora lera publicado un par de libros poéticos; o segundo é, precisamente, "Os Eidos". D-outro, composto en castelán, non queremos lembrarnos. Ten inéditas ademais dúas obras xa coñecidas por algúns amigos: "O Livro das Cantigas" —a peza de teatro "A Noite é máis que unha pecha escuridade".

Ao traveso da manífica carta que Ramón Piñeiro dirixe ao poeta e serve de áureo prólogo aos poemas de "Os Eidos", énos doado conservar o xermolo e nacemento da obra literaria de Novoneira. Digamos que os libros deste novo autor, espellan do cote a coscente realidade interna das suas crises espirituais; intrínsecos, decisivos para a vida do poeta. Os traballos inéditos que deixamos nomeados, praman, respectivamente, dúas fondas esperencias espirituais vividas

intensa e simultaneamente: a Saudade e o Amor. A Saudade revela da "como doenza da Alma e o Amor como tentativa de curación". Os breves e elementais poemas de "Os Eidos", configura o seu profundo i-originais sentimento da Terra, xurdido no espírito do poeta no primeiro contacto con outras paisaxes galegas e coa vida latexante e humil de Compostela. Pois, fillo das terras senlleiras do Caurel, había posto o pé na eterna cidade de pedra, empedrado, choído na sua intocada e virxe intemidade. De volta á casa paterna co dardo feroz dese sentimento na alma, descobre a impoencia da terra careles e compón os breves e belos poemas telúricos de "Os Eidos". A recreación en arte dos estados anímicos do poeta, danos a medida dunha vigorosa personalidade de riqueza e intensa vida interior.

"Na vida da cultura galega, a Terra é un elemento activo i-essencial" di Ramón Piñeiro na carta devandita. Iaseguido engade: "a nosa realidade cultural ven a ser a integración do home e mallo telúrico". Na densa conxunción deses valores, acadará o espírito galego a sua obra máis representativa e perdurábel. Xa na historia das letras de Galiza, a identificación do home coa Terra cobra inxentes dimensións nas suas tres figuras maxestas: Xustamente naquelas dotadas de sensibilidade suma i-erguidas en conciencia, intuitiva ou coscente, do noso ser racial. Lideirán-donos a poesía — dela tratamos — até agora a expresión cabal do espírito de Galiza, a integración deses dous elementos realízase nela dun xeito concluinte. E neste rasgo propio e fundamental, radica a sua diferenciación substantiva en relación coas de outros povos aínda pertos a nós. Como se manifesta a identificación do home coa Terra no libro de Novoneira? Denantes de tensionalo é mester precisar, en síntes como enxerguemos esa identificación.

Ceramicas de Diaz Pardo

No Centro Galego de Bós Aires acaba de realizar, do 16 de decembro ao 3 de xaneiro, unha exposición de cerámica, o outo artista com postelán Isaac Diaz Pardo, con brillante éxito. Fai poucos anos podemos gostar elquí algunhas mostras do seu talento pictórico na exposición de pintura galega, organizada polo mesmo Centro Galego. Dende aquela coñeciamolo como unha das figuras representativas da nosa pintura moza. Oxe témolo que admirar como un notabel ceramista.

É a partir de 1949, sin abandonar totalmente a plástica, cando comen-

za a criar a súa obra belida de ceramista, na cal adquireu axiña gran prestixio internacional. E mester dicir que Diaz Pardo fixo estudos pictóricos e de cerámica en Franca, Italia e Inglaterra, i-é un coñecedor consumado das técnicas destas disciplinas artísticas. Os seus vastos estudos sobre a materia, xun guidos a súa maxinación e talento criadores, fixéronlle posíbel o conxuramento dunha técnica orixinal, inimitábel. Daí a porcelana finisima que consegue, a cal modelada en acabadas formas artísticas, compo-en pezas de notabel vaor.

Galiza tiña acadado, donde épocas lonxanas, unha tradición alfareira de relevos singulares. Sagardelos foi, a principios do século pasado, o centro máis importante da cerámica peninsular, aínda inesquecibel. Diaz Pardo prosigue e supera esta tradición na Fábrica do Castro (Coruña). Alí dirixe coa sua sabencia i-o seu poder de artista, unha manufatura de vaor insuperábel, tal como nos foi dado apreciar na mostra devandita.

A carón de tres telas de vigorosa e segura realización plástica, espuxo catorce pezas de cerámica. Louza de utilidade doméstica, figuras escultóricas de temática mitolóxica e bíblica, sempre identificada co espírito do artista, maternidades, mulleres lispadas, d-engado e gracia admirábelis, xarras-vicios... Todo ello modelado na unidade dun estilo propio que funde as suas raíces nas formas do noso barroco. Felicitamos ao gran artista Diaz Pardo, que tan outamente representa e fai honor ao arte de Galiza.

NOVA AUDICION GALEGA

Pola onda de Radio Universidade na cidade da Plata espállase dende o día 6 do corrente mes unha nova Audición Galega, os días martes ás 21 horas.

A dita audición, que dirixe o Sr. Raúl Sbarra é patrocinada polo xa prestixioso Patronato da Cultura Galega da dita cidade, que tan meritorio labor ven desenrolando a prol do espallamento e saltación dos valores da nosa Terra no que se destacan algunhas das figuras intelituanas arxentinas de máis prestixio.

Felicitamos os organizadores da nova audición e desexámoslles unha plueira de éxitos na suas patrióticas actividades.

FIESTRA á TERRA

ERGUETE E ANDA

Cada vegada ven sendo máis forte o clamor que se deixa ouvir en Galiza encol da industrialización da nosa Terra. Non son somentes agora os "separatistas", os inimigos da "sagra unidade da Patria"; os que teiman polo racional aproveitamento das riquezas dos chán galego pra deter a mengoa constante do nivel de vida do noso povo, e con ele a emigración masiva das xentes dos nosos agros e do noso mar. Agora parés que até os mesmos xerifales do réxime asovallador, comprenden a necesidade de encetar novas fontes de riqueza, sen dúbida en procura de manter a crescente voracidade insaciábel, que tocante á materia tributaria padece o Estado centralista; xa que ós tales estalles quedando secos os muelos de tanto cavilar á cata de novos rubros imposí-tivos.

Ficamos todos enteiramente de acordo no tocante a que a industrialización de Galiza é unha urxente e apremiante necesidade, pero iste anexo somentes poderá trocarse en realidade achegando o goberno ó povo; é dicir, que os organismos técnico-administrativos que han rexir á Nación Galega, teñen de xurdir do elemento produtor: labregos, marriñeiros, estudantes, obreiros, técnicos, e todo canto existe un factor na vida activa da nosa patria, teran que intervir na eistructuración do réxime que faga posíbel a industrialización da Patria galega. "Galiza pra os galegos e o servizo da humanidade" eis o noso lema i o rosnel que teremos de seguir si queremos acadar a realidade das nosas aspiracións.

VIA FERREA OU VIA CRUZIS?

Fai perto dun ano, pra sermos máis concretos no número de A NOSA TERRA do mes de maio derradeiro, comentábamos con esceticismo as verbas ditas na Cruña polo Ministro de Obras Públicas do goberno franquista, Conde de Vallillano, tocantes á estrada de ferro de Zamora á Cruña, quen, naquel intre, afirmou que as devanditas obras quedarían rematadas no correr do ano e que de contado entrarían en servizo ativo. Nós que sabemos con "que bois aramos", i o pouco crede que merecen os mandóns do réxime asovallador, que se non caracterizau precisamente pola seriedade e cumprimento das suas promesas i expresións, afirmábamos nisa oportunidade que nada do prometido se cumpriria, que pasaría o tempo, i as locomotoras — símbolos do progreso — non alterarían cos seus ruxidos o silencio de montes e veigas. E, velahí a confirmación i o acerto do noso descrelmento; xa que agora derradeiras impresións técnicas, non será posíbel que denantes de tres anos máis poidan circular trenes entre Sant-Iago e Ourense, e que aínda falta completar a superestruturas de grandes treitos entre Ourense e Zamora, co prexucio conseguinte pra a economía local e a perda que supón en intréses a non rendabilidade dos 1.500 millóns de pesetas que somentes neste treito levanse invertidos. Eis a eterna cuestión, moita "cháchara a la española", mais os problemas galegos sin se resolver, é o que pra Galiza debía ser unha vía férrea está resultando unha "vía cruzis", onde ademais da humillación que supón estar sempre a pedir o que se lle debe como un dereito, ten que aturar o escarnio i a bulra de tanta incumprida promesa.

Dende logo que pra nós, ista é unha situación perfeitamente normal; que Galiza teña que lle pedir a Madri todo canto é mester levar a cabo a prol do seu progreso e meioramento, e que cando aínda pagando cos seus propios recursos, sexa preciso superar a lenta, atrasada e retardataria tramitación burocrática da capital do estado; elo resulta a lóxica e natural remanencia do noso sometimento ó poder central. Ficamos demasiado lonxe de Madri pra que nos poidan entender xa que, non nos arreda unha gran distancia xeográfica moramos en meridianos enteiramente diverxentes; nos estamos en Europa i eles e mesmo poden ficar nos Montes Atlas que na Arabia Saudita.

E isto sabémolo por propia esperiencia, cal a que nos amosttra o estudo da nosa Historia, que nos mesmos protagonizamos até nos convertirmos en emigrantes, i-a que nos da o convivio con outros países máis prácticos, mais emprendedores e progresistas. Os que se non decatan desta realidade e se non decataram endexamais son os serviles mandóns que na nosa Patria oficián de axentes do centralismo mesetano que van e veñen cabo seus amos a que lles enchan o fardel das promesas pra valeiralas nas paxinas dunha imprensa que cal a nosa cumpre á perfeición o papel do avestruz, agachar a cabeza para non ollar o perigo.

¡Cando fai falla se cumpran as porféticas verbas de Leiras Pul-

neiro cando di:

Que agardan os probes
que a fouce non abranguen
i-a sua ben feita
non fan dunha vez...

artística. Nesta, a terra sempre é un elemento pasivo. Asti é na lrica de Galiza, a de proxección ecuménica, racialmente telúrica. Dende Pondal a Pura Vázquez — tomémos ao azar un nome contemporáneo— é o poeta quen recrea e dá senso humano a terra.

Novoneira no libro "Os Eidos" tensionou e consentemente unha poesía carente de fonda significación persoal e humá. A sumisión do poeta a terra é total. Protagoniza os seus poemas a Caurel, impoencia e milionario.

Aquí... síntese ben o pouco que é un home.

Diante e tras d-ll, a serra lo...
(ga...)

onde é home é un minúsculo suceder natural e intrascendente. Onde a mesma vida humá está con-dicionada a rutina periódica das suas tentacións cósmicas. "Os Eidos" son

os primeiros poemas das "terras outas e solas do Caurel". Comez habor inicial de neno, todo é neles un nomearse gozoso e puro, sin xeito i-elemental. Son as terras do Caurel que se nos amosttran no seu ser esencial, xeolóxico e cósmico, na seu decorrer sen tempo. Velahí o seu engado i-originais. Mais, a pesares, nós sentimos a ausencia do poeta coa sua misteriosa intuición reveladora, que elquí non cabe. Dun poeta dos quilates de Novoneira. A poesía como a arte en xeral, é un constante risco. O noso xoven poeta acaba de dar no libro "Os Eidos", un paso grave e riscoso: ceibar a terra a sua propia expresión, anulándose a ele mesmo. Alédmonos deste gozoso menceo do Caurel coa sua verdade onxevia, elemental e profunda; como un alarde mais da vitalidade de nosa poesía. Pro nós seguimos agardando a lirica telúrica do cruceo de Novoneira, a sua cabal integración dos valores Home e Terra.

BERNALDO SOUTO.